

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*ORDE do 8 de marzo de 2022 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2020/21 (código de procedemento ED311B).*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que o sistema educativo se orientará, entre outros fins, á capacitación para o exercicio de actividades profesionais, de coidados e de colaboración social, á educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal, ao desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe e conseguir o pleno desenvolvemento da súa personalidade e confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

A Orde EDU/2128/2011, do 15 de xullo (BOE núm. 180, do 28 de xullo), crea e regula os premios nacionais de formación profesional de grao superior establecidos pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No artigo 3 da citada orde establécese que poderá concorrer aos premios nacionais o alumnado que obtivese premio extraordinario de formación profesional de grao superior convocado na súa comunidade autónoma nos termos que se regulan nesa norma.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, consciente da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou cun excelente resultado académico estudos de formación profesional de grao superior na Comunidade Autónoma de Galicia, convoca os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior.

En consonancia co anterior, en exercicio das competencias atribuídas no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por proposta da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, de conformidade co establecido no artigo 4 da citada Orde EDU/2128/2011, e de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro),



**DISPOÑO:****Artigo 1. *Obxecto e finalidade***

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior (código de procedemento ED311B) correspondentes ao curso 2020/21 para o alumnado que realizou e que rematou os seus estudos no ano 2021.

2. A finalidade destes premios é a de dar recoñecemento público aos méritos baseados no esforzo e no traballo das persoas que finalizaron os estudos de formación profesional de grao superior cun excelente rendemento académico.

**Artigo 2. *Número, orzamento e características dos premios***

1. Poderanse conceder ata vinte e tres premios extraordinarios, un por cada familia de formación profesional de grao superior implantada na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A dotación para os premios será de 23.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.30.423A.480.1 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dos orzamentos do ano 2022, que se distribuirán entre as persoas premiadas na mesma contía, e que non poderá exceder os 1.000 € por premio. A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado para este fin.

3. O alumnado que obteña o premio extraordinario percibirá a dotación económica, de cumprir os requisitos establecidos no artigo 16 desta orde, e ademais recibirá un diploma acreditativo. A distinción de obter premio extraordinario farase constar nas certificacións académicas que se emitan.

4. Estes premios extraordinarios de formación profesional de grao superior son compatibles con calquera outro tipo de premios, bolsas ou axudas concedidos por algunha Administración pública competente ou por calquera ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais.

5. As persoas que obteñan premio extraordinario de formación profesional de grao superior poderán concorrer, logo de inscrición, ao correspondente premio nacional.



### Artigo 3. *Requisitos das persoas solicitantes*

Poderá optar aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Ter cursado estudos de formación profesional de grao superior durante o curso 2020/21 nalgún centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, ben na modalidade presencial ben na modalidade a distancia, e ter rematado os seus estudos no ano 2021.

b) Ter obtido unha cualificación final do ciclo formativo igual ou superior a 8,50, nos termos establecidos no artigo 50 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Esta cualificación expresarase con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

c) Non ter a condición de persoal docente que desenvolva ou desenvolvese a súa actividade laboral na Consellería de Cultura, Educación e Universidade nos tres anos anteriores a esta convocatoria.

### Artigo 4. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes de participación presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación informática <<PremiosEdu>> (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu/>) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou directamente desde a propia aplicación <<PremiosEdu>>.

De acordo co previsto nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo), as persoas aspirantes, con base nos requisitos establecidos nas alíneas a) e b) do artigo 3 desta orde, presuponse que posúen a capacidade técnica suficiente para o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios para tramitar a súa solicitude.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



A publicación dos formularios da solicitude no DOG faise unicamente para efectos informativos.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Unha vez formalizada a solicitude, deberaa asinar a persoa interesada con calquera dos sistemas de sinatura admitidos pola sede electrónica e enviada polo procedemento electrónico establecido; quedará así presentada para todos os efectos. Non se terán en conta aquelas solicitudes cubertas por vía telemática que non completen o proceso de presentación establecido e obteñan o xustificante de solicitude, que deberá conservar a persoa solicitante para acreditar, no caso de que resulte necesario, a presentación de súa solicitude no prazo e na forma establecidos.

2. As solicitudes subscribiraas electronicamente a persoa interesada ou a persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderanse dirixir ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico [012@xunta.gal](mailto:012@xunta.gal)

Se as dúbidas están relacionadas con esta convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico [premios@edu.xunta.gal](mailto:premios@edu.xunta.gal)

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

#### Artigo 5. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:



a) Listaxe dos méritos que se desexen alegar relacionados co título de técnico ou técnica superior de formación profesional, de acordo co previsto no artigo 12.1.b) desta convocatoria e segundo o modelo do anexo II.

b) Documentación xustificativa dos méritos, onde consten expresamente o número de horas de duración da actividade, a data de inicio, a data de finalización e o organismo que convoca.

c) Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito no caso de actuar por medio de representante.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

## 2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 6. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Expediente dos estudos de formación profesional de grao superior cursados pola persoa solicitante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma.
- g) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- h) Consulta de non ter a condición de persoal docente que desenvolva ou desenvolvese a súa actividade laboral na Consellería de Cultura, Educación e Universidade nos tres anos anteriores a esta convocatoria.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 7. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse realizadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, realizarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.





**Artigo 9. Procedemento dos centros educativos**

Os centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en que está o expediente académico do alumnado de centros privados enviarán a certificación académica dos estudos obxecto de baremo do alumnado que non teña todo o seu expediente recollido na base de datos da aplicación XADE, en que se reflicta a cualificación final a que se refire o artigo 3.b) desta orde, asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da director/a.

Esta certificación enviarase ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal

**Artigo 10. Instrución do procedemento e exposición de listaxes provisionais para a emenda de solicitudes e documentación**

1. A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, rematado o prazo de presentación de solicitudes e tras examinar estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, e os motivos de exclusión, nos lugares establecidos no artigo 17 desta orde.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de reclamación de dez (10) días. Durante ese prazo poderán emendar erros e a falta de documentación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, e achegarán, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (BOE núm. 236, do 2 de outubro), do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A publicación da relación definitiva do alumnado admitido e excluído realizarase nos lugares relacionados no artigo 17 desta orde.

**Artigo 11. Xurado de selección**

Para a selección, análise e valoración das solicitudes, a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional designará un xurado de selección composto por un presidente ou unha presidenta, e ata un máximo de seis vogais, coa categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou inspectores e inspectoras de educación.





O presidente ou a presidenta deberá ser un subdirector xeral ou unha subdirectora xeral, ou un inspector ou unha inspectora de educación.

Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

O xurado poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos que coide pertinentes.

#### Artigo 12. *Criterios de valoración*

1. Os premios concederanse en réxime de concorrencia competitiva. Na valoración final, o xurado terá en conta os seguintes méritos:

a) A cualificación final do ciclo formativo polo que se opta ao premio extraordinario valorase de 0 a 6 puntos e outorgaranse 0,04 puntos por cada centésima que supere o 8,50.

b) Méritos relacionados co título de técnico ou técnica superior de formación profesional que se relacionan no anexo V desta convocatoria.

2. A valoración final será a suma das valoracións dos números 1.a) e 1.b) deste artigo.

3. O xurado resolverá os empates tendo en conta a maior puntuación nos seguintes méritos e por esta orde:

a) Cualificación final do ciclo formativo polo que se opta ao premio extraordinario.

b) Méritos relacionados co título de técnico ou técnica superior de formación profesional (artigo 12.1.b).punto I do anexo V).

c) Méritos relacionados co título de técnico ou técnica superior de formación profesional (artigo 12.1.b).punto II do anexo V).

d) Méritos relacionados co título de técnico ou técnica superior de formación profesional (artigo 12.1.b).punto III do anexo V).

e) Sorteio.



4. O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

#### Artigo 13. *Puntuacións provisionais*

1. O xurado de selección fará públicas as puntuacións obtidas polas persoas candidatas nos lugares relacionados no artigo 17 desta orde.

2. O alumnado ou, se é o caso, os/as seus/súas representantes legais poderán presentar reclamación contra a puntuación obtida, no prazo de dez (10) días a partir do seguinte ao da súa publicación.

A reclamación presentarase por vía electrónica a través do anexo III dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

#### Artigo 14. *Resolución de concesión*

1. Unha vez resoltas as reclamacións, o xurado elaborará a acta coa proposta de adxudicación dos premios extraordinarios. Os resultados coas puntuacións definitivas das persoas aspirantes publicaranse nos lugares relacionados no artigo 17 desta orde. A acta orixinal quedará rexistrada nos ficheiros da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas coa publicación das puntuacións definitivas.

2. A persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita polo xurado de selección á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O prazo máximo para resolver este procedemento será de catro (4) meses desde o día seguinte ao da finalización do prazo de inscrición. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a correspondente resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

#### Artigo 15. *Recurso*

A dita orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso postestativo de reposición, ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de



Cultura, Educación e Universidade, por delegación de competencia establecida na Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro), no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 16. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. O alumnado premiado, para poder recibir a dotación económica do premio a que se refire o artigo 2.2 desta orde, non poderá estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da citada lei, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O alumnado que obteña premio extraordinario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia. O importe do premio estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

3. A persoa premiada debe facilitar a titularidade dunha conta bancaria con 24 díxitos e declarar sobre a veracidade dos datos relativos á dita conta, en que se ingresará, mediante transferencia bancaria, a dotación económica do premio a que se refire o artigo 2.2 desta orde, segundo o modelo de anexo IV.

Este anexo, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), presentárase por medios electrónicos, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.



4. A persoa beneficiaria destas axudas ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, tal como indican os artigos 14.1.j) e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17. *Publicación e información*

A relación do alumnado admitido e excluído e as puntuacións obtidas polas persoas candidatas publicaranse no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática <<PremiosEdu>> (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase solicitar información no enderezo de correo electrónico [premios@edu.xunta.gal](mailto:premios@edu.xunta.gal)

#### Artigo 18. *Modificación da orde de adxudicación*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión do premio, conforme o artigo 17.4 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 19. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberase dar cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Disposición adicional primeira. *Efectos económicos do xurado de selección*

Para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, o xurado de selección atearase á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública.



Disposición adicional segunda. *Publicación na Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para adoptar os actos e as medidas necesarios para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade  
P.D. (Orde do 9.2.2021; DOG núm. 31, do 16 de febreiro)  
Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR	<b>ED311B</b>	SOLICITUDE

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS ACADÉMICOS</b>	
FAMILIA PROFESIONAL	
<input type="text"/>	
CICLO FORMATIVO	
<input type="text"/>	
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CENTRO PÚBLICO A QUE ESTÁ ADSCRITO (só para o alumnado de centros privados)	
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b>
1. Que acepta todas as bases da convocatoria e que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que dispón da documentación que así o acredita e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida. 5. Que se compromete a manter os ditos rexistros durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que, se durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración, llo comunicará ao órgano xestor.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
<input type="checkbox"/> Anexo II - Méritos			
<input type="checkbox"/> Documentación xustificativa dos méritos			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación no caso de actuar por medio de representante			

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Expediente dos estudos de formación profesional de grao superior cursados pola persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de non ter a condición de persoal docente que desenvolva ou desenvolvese a súa actividade laboral na Consellería de Cultura, Educación e Universidade nos tres anos anteriores a esta convocatoria	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
Finalidades do tratamento	Publicación de listaxes en páxinas web. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	Persoas interesadas e público en xeral. As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>





**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADEANEXO I  
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 8 de marzo de 2022 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2020/21 (código de procedemento ED311B).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS



Xacobeo 21-22

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998


<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**
**ANEXO II**
**MÉRITOS**
**RELACIÓN DOS MÉRITOS RELACIONADOS CO TÍTULO DE TÉCNICO OU TÉCNICA SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL (artigo 12.1.b)**

Mérito	Horas	Data de inicio	Data de finalización	Tipo e subtipo	Organismo

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

 Xacobeo 21-22

CVE-DOG: 117ekki8-arz0-qwc6-ctc7-wmiwbpkwvttts7


**XUNTA DE GALICIA**

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

ANEXO III

**RECLAMACIÓN ÁS PUNTUACIÓNS**

ED311B - PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**PRESENTA**, de acordo co previsto no artigo 13 da orde de convocatoria, reclamación contra a puntuación obtida.

Motivo da reclamación:

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Xacobeo 21-22

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

ANEXO IV

**SOLICITUDE DE DATOS BANCARIOS**

ED311B - PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR

**DATOS DA PERSOA PREMIADA**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN **SINATURA DA PERSOA PREMIADA OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**ANEXO V**  
**Baremo para a valoración de méritos**

Mérito	Puntos	Documentos xustificativos
<b>I. Actividades de formación (máximo 3,00 puntos).</b>		
1.1. Actividades de formación conducentes ás unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais de nivel 3 que pertencen a unha cualificación profesional da mesma familia profesional do ciclo formativo polo que se opta ao premio.	0,04 puntos por cada 10 horas de formación; sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10	Copia simple do certificado destas, expedido pola entidade organizadora, en que consten de modo expreso o número de horas de duración da actividade e a data de inicio e de remate desta. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro, deberase acreditar de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificación de inscrición no Rexistro de Formación da Administración educativa.
1.2. Actividades de formación directamente relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).		
1.3. Actividades de formación de prevención de riscos laborais.		
1.4. Cursos coa cualificación de apto, realizados nas escolas oficiais de idiomas correspondentes ás ensinanzas establecidas no artigo 3.1 do Decreto 191/2007, do 20 de setembro (130 horas), e nas establecidas nos artigos 3 e 4 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo (120 horas).	0,52 puntos por cada curso	
<b>II. Participación en proxectos ou programas europeos relacionados coa familia profesional correspondente (máximo 0,50 puntos).</b>		
2.1. Participación en proxectos ou programas europeos.	0,25 puntos por cada un	Copia simple da documentación xustificativa deste.
<b>III. Proxectos de investigación, proxectos de innovación, premios, concursos, competicións de formación profesional e publicacións relacionados coa familia profesional correspondente (máximo 0,50 puntos).</b>		
3.1. Participación en proxectos de investigación ou innovación relacionados coa familia profesional.	0,10 puntos por cada un	Acreditación xustificativa de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente.
3.2. Premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional relacionados coa familia profesional.		Acreditación xustificativa de ter obtido o premio correspondente.
3.3. Concursos ou competicións relacionados coa familia profesional, de ámbito autonómico, nacional ou internacional de recoñecido prestixio ao xuízo do xurado de selección.		Certificación da entidade organizadora, en que conste/n o/os nome/s da/das persoas premiada/s, o ámbito e a categoría.
3.4. Publicacións directamente relacionadas coa familia profesional.		Exemplares correspondentes ou copias simples no caso de artigos.

Disposición complementaria primeira. *Data en que teñen que estar recoñecidos os méritos alegados*

Os méritos alegados, para a súa admisión, deben estar realizados e obtidos entre o día 1 de setembro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.

Disposición complementaria segunda. *Entidade certificadora*

Os méritos alegados deben estar certificados por unha Administración ou entidade autorizada por ela.



Disposición complementaria terceira. *Equivalencia entre créditos e horas de formación*

Cando as actividades só veñen expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.

Disposición complementaria cuarta. *Cómputo de actividades*

Non se computarán as actividades de formación incluídas no propio ciclo formativo nin os créditos conducentes á obtención dun título universitario.

Disposición complementaria quinta. *Actividades de prevención de riscos laborais*

Non se terán en conta os cursos de formación de prevención en riscos laborais organizados e convocados polo centro educativo onde a persoa aspirante realizou os seus estudos de formación profesional.

Disposición complementaria sexta. *Valoración dos premios, concursos e competicións*

Só se valorarán o primeiro e o segundo gañador.

